



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D^a. M^a Elena Albo López
 D. Miguel Ángel Alfonso Pallarés
 D. Jaime Alonso Carrera
 D^a. Ines Alonso Castro
 D. José Ángel Álvarez Moreira
 D^a. Rosana Álvarez Rodríguez
 D^a. Susana Álvarez Sánchez
 D^a. Inmaculada Anaya Revuelta
 D^a. M^a Nuria Andión Rodríguez
 D. Alberto Marcos Arias Acuña
 D^a. M^a Cristina Arias Fernández
 D^a. Inmaculada C. Báez Montero
 D^a. Rosa Bernal Gómez
 D. Millán Brea Castro
 D. Jorge Luís Bueno Alonso
 D^a. M^a Carmen Cabeza Pereiro
 D^a. M^a Victoria Carballo-Calero Ramos
 D. Juan M. Cebro Rodríguez
 D. José María Chamorro Rivas
 D. Xosé Manuel Cid Fernández
 D. Alfonso Cid Sabucedo
 D. Ángel Cifuentes García
 D^a. Patricia Corbacho Suso
 D. Xosé Henrique Costas González
 D. Daniel De la Torre Fraga
 D. Juan F. De la Iglesia González de Pereda
 D. Javier De Vicente Remesal
 D. Manuel Deaño Deaño
 D. Jaime Díaz de Bustamante
 D. Domingo Docampo Amoedo
 D. Luís Domínguez Castro
 D^a. M^a de los Ángeles Domínguez Santiago
 D. José Durany Castrillo
 D. Marcos Eire Fernández
 D^a. Margarita Estévez Toranzo
 D. Iago Fariñas Valiña
 D. Federico Fernández Fernández
 D. Manuel José Fernández Iglesias
 D. Francisco J. Fernández López
 D. Roberto Ignacio Fernández López
 D. Ramón A. Fernández Sobrino
 D^a. Ángeles Filgueira Pérez
 D. José Antonio Fraiz Brea
 D. Antonio García Masegosa
 D. Antonio García Pino
 D. José Manuel García Vázquez

Acta da sesión extraordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día dezoito de decembro de dous mil dous, ás 10:30 horas en primeira convocatoria e ás 11:00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O mércores, **día 18 de decembro de 2002**, ás 11:25 horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte Orde do día:

- 1.- Referendo, se procede, da posición institucional acordada polo Consello de Goberno diante da catástrofe do *Prestige* na súa sesión do día 11 de decembro de 2002.
- 2.- Informe do Presidente do Tribunal de Garantías.
- 3.- Referendo, se procede, do proxecto de orzamento do ano 2003, aprobado en Consello de Goberno do día 11 de decembro de 2002.

Punto 1.- Referendo, se procede, da posición institucional acordada polo Consello de Goberno diante da catástrofe do *Prestige* na súa sesión do día 11 de decembro de 2002.

Antes de comezar co primeiro punto da orde do día o Rector informa que, desde o acordo institucional do Consello de Goberno do día 11 de decembro relacionado coa catástrofe do *Prestige*, houbo unha serie de insituacións que están intentando canalizar axudas para tarefas de voluntariado e de investigación.

D. Carlos Garrido Suárez
 D. José M^a Gil Villanueva
 D. Jorge Juan Gómez Gude
 D. José Luis Gómez Reboiro
 D^a. Dolores González Álvarez
 D. Diego González Canabal
 D. José Luis González Cespón
 D^a. M^a Araceli González Crespán
 D. Horacio González Dieguez
 D. Roberto González Novas
 D^a. Esther González Pillado
 D. Manuel González Piñeiro
 D^a. Encarnación González Vázquez
 D. Benito Gregorio González
 D. Juan Pablo Hervés Beloso
 D^a. M^a Hilda Iglesias Galán
 D^a. M^a Teresa Iglesias Randulfe
 D. Alfonso Lago Ferreiro
 D. José Luís Legido Soto
 D. Xoán A. Leiceaga Baltar
 D. Jorge Lens Leiva
 D^a. Betty Mireya León Fong
 D. Luis Manuel Liz Marzán
 D. Martín Llamas Nistal
 D. Alvaro Xosé López Mira
 D. Francisco Xavier Lores Insua
 D. Abel Fermín Losada Álvarez
 D. José Fernando Manzanedo García
 D. Daniel Marti Pellón
 D. Alfonso Martínez Fernández
 D. Serxio Martínez Lima
 D^a. María Martínez Rodríguez
 D^a. Ana Isabel Martínez Senra
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Andrés Mazaira Castro
 D. Rafael Meixús Filgueira
 D. Pedro Membiela Iglesia
 D. Gonzalo Méndez Martínez
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Carlos Mollinedo Lois
 D. Miguel Ángel Nombela Castaño
 D^a. Alicia Tamara Ogando Blanco
 D. Enrique Orche García
 D. José Luciano Otero Camiña
 D. Sergio Pajares Domínguez
 D. Xosé Antón Palacio Sánchez
 D^a. Mercedes Palanca González
 D. Lorenzo Miguel Pastrana Castro
 D^a M^a Consuelo Pazó Martínez
 D^a. Tatiana Pequeño González
 D. Andrés Pérez Figueroa
 D. Luis Pérez Gómez
 D. Javier Pérez Guerra
 D^a. Anita Pérez Gulías
 D^a. Ana M^a Pita Grandal
 D. José Pose Blanco
 D. Juan María Pou Saracho
 D. Albino Prada Blanco
 D. José Carlos Prado Prado
 D. Manuel Ramos Cabrer

- Hai unha iniciativa xa plasmada da Fundación Barrié para a realización dun estudio sobre o impacto económico a realizar por un equipo no que participan profesores das tres universidades galegas e que coordina o Profesor González Laxe.

- O BSCH vai a canalizar o apoio ós programas de voluntariado das universidades españolas cunha primeira aportación de 350.000 euros.

- A conferencia de Rectores das Universidades españolas reunirse na segunda semana de xaneiro en Santiago de Compostela para debater as iniciativas tomadas polas universidades galegas.

- Hai unha petición dun programa especial de bolsas compensatorias do MECD para afectados pola catástrofe .

- Hai unha acción especial, asinada o día 16 de decembro, do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía en cooperación coa Xunta de Galicia para realizar unha investigación en todo o que rodea a catástrofe do Prestige cun volume de seis millóns de euros, e vai a ser a Universidade de Vigo a xestora deste programa . Así mesmo haberá un comité científico do que formará parte un profesor da Universidade de Vigo.

- Do sorteo da letra para as intervencións: letra P

Ábrese un turno de intervencións.

A Sra. Palanca, en representación da candidatura CUPAS, manifesta o seguinte:

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
 D. Daniel Rey García
 D. Ángel Rial Otero
 D. Filemón Rivas Conde
 D. Javier Rodeiro Iglesias
 D^a. Ángela Rodríguez Álvarez
 D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal
 D. Gustavo Rodríguez Fuentes
 D. Roberto Rodríguez González
 D. Pablo Antonio Rodríguez Otero
 D^a. M^a Pilar Rodríguez Seoane
 D. Carlos Román Lago
 D. Ángel Sánchez Bermúdez
 D^a. Verónica Santalla Del Río
 D. José S. Santos García
 D. Anselmo Seoane Pampin-Montenegro
 D. José Luís Soengas Fernández
 D^a. Mercedes Suárez Pazos
 D. Juan C. Surís Regueiro
 D. Javier Taboada Castro
 D^a. M^a de la Concepción Tojo Suárez
 D. José E. Tojo Suárez
 D. Luis Torres Vázquez
 D^a. M^a Dolores Troncoso Durán
 D. Antonio Vaamonde Liste
 D^a. M^a Beatriz Vaquero Díaz
 D. Alberto Vasallo Barrueco
 D. Ezequiel M. Vázquez López
 D. Fernando A. Vázquez Núñez
 D^a. María Vera Isasa
 D^a. Mercedes Vila Alonso
 D. Federico Vilas Martín
 D. Augusto Viso Alonso

DESCULPAN ASISTENCIA

D. Eusebio Corbacho Rosas
 D. Rubén Garrido Bernárdez
 D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo

- apoio o manifesto institucional aprobado no Consello de Goberno do día 11 de decembro.

- apoio a tódolos que traballan en labores de limpeza e á Plataforma *Nunca máis*.

- apoio ós voluntarios e coordinadores dos tres campus.

- desacordo coa xestión que se esta a facer co voluntariado sinalando que a Universidade debe enviar ós seus voluntarios co material mínimo necesario.

- pide que se clasifiquen as accións da empresa TRAGSA.

- propón que se destine o 1% da masa salarial dos traballadores da universidade para axudar nas diversas fórmulas posibles.

Intervén o Rector para indicar que esto último soamente pode ser unha proposta xa que o Claustro non pode tomar un acordo sobre os cartos dos demais.

Non habendo máis intervencións referéndase por unanimidade a posición institucional acordada polo Consello de Goberno do día 11 de decembro diante da catástrofe do Prestige.

Punto 2. Informe do Presidente do Tribunal de Garantías.

O Presidente do Tribunal de Garantías expuxo un resumo da Memoria Anual deste órgano destacando os datos mais salientables.

Remata a súa intervención facendo unha serie de recomendacións relacionados co funcionamento dos tribunais extraordinarios de 5^a, 6^a e 7^a convocatorias, os tribunais das avaliacións

curriculares e co uso de tribunais externos para a revisión de exames.

A memoria figura como anexo I.

Rematado o informe, o Rector agradece o traballo realizado a tódolos membros do Tribunal de Garantías e especialmente na tarefa de coordinación de tódalas universidades españolas. Manifesta o compromiso de levar a Consello de Goberno unha modificación da Normativa de Permanencia na Universidade de Vigo e comprométese a estudar o problema relacionado cos tribunais extraordinarios.

Punto 3. Referendo, se procede, do proxecto de orzamento do ano 2003, aprobado en Consello de Goberno do día 11 de decembro de 2002.

Intervén en primeiro lugar o Vicerrector de Planificación que fai a presentación do orzamento 2003. Indica que o crecemento no volume de negocios da institución e de aproximadamente un 5% e destaca como principais novidades os ingresos extraordinarios por alleamento de diversos bens patrimoniais e a incorporación de achegas por contratos de investigación, proxectos etc. Así mesmo, sinala un esforzo importante na incorporación de incrementos dotacionais en certos programas de gasto como son: Biblioteca, Extensión, Calidade, Relacións Internacionais e Docencia e Alumnado. Remata a súa intervención agradecendo a tódolos que participaron neste documento como administradores de centros, Decanos e Directores e Servicios Centrais.

A continuación ábrese un turno de intervencións:

O Señor Pajares intervén en nome da converxencia unitaria do PAS indicando que a Universidade de Vigo presenta unhas relacións Profesores/PAS e alumnos /PAS moi desfavorables comparandoas coas doutras Universidades públicas españolas o que demostra, que no que se refire a plantilla de PAS, a Universidade de Vigo aínda non alcanzou a madurez e esta falta contribúe a precariedade administrativa que se manifesta nunha ausencia de planificación, claridade e coordinación entre os servizos. Fai unha análise dos diferentes programas indicando que moitos deles presentan diminucións se se compara cos presupostos do ano 1999. Finalmente anuncia o voto en contra do orzamento dos membros da converxencia unitaria de PAS.

O profesor Tojo intervén en nome de Nova Universidade, agradece ó Vicerrector a consulta que fixo a Nova Universidade o que significa un cambio de talante. Considera que a incorporación das achegas de proxectos, etc...no capítulo I pode levar a conclusións erróneas e que para comparar este orzamento co do ano 2002 habería que retirar estes conceptos, desde xeito o aumento non sería do 5.03% senón do 2,95%. Parécelle arriscado incorporar como ingreso no capítulo VI os 4,5 millóns de euros por alleamento de bens patrimoniais xa que lle parece difícil que no mes de xuño estean liberados os edificios dos anexos o Rectorado. No capítulo de gastos non comparte o modelo do programa de Aulas de Formación Aberta que se fixo, e espera que isto fora así soamente por iste ano e debido a urxencia de polo en marcha.

Denuncia que desaparecen partidas importantes como son as bolsas posdoutorais e a do plano de seguridade nos laboratorios, e que aquelas partidas nas que hai incremento dotacional todavía son inferiores ás do ano 1999. Parécelle excesivo o gasto nos apartados de material de oficina, limpeza e aseo e no xurídico-contencioso.

Remata a intervención sinalando que son uns presupostos continuistas e á baixa é que o Vicerrector de Planificación e vítima dun plano de financiamento malo que tivo, no seu día, o voto favorable do Rector desta Universidade sen contar cos órganos de goberno. Anuncia o voto en contra de Nova Universidade.

O Sr. Torres lembra que hai un compromiso electoral de habilitar unha partida para outros tipos de asociacións estudiantis.

Intervén o Vicerrector de Extensión Universitaria e Estudiantes para indicar que se vai a intentar resolver ese problema.

O Sr. Álvarez Moreira pregunta si hai algunha cantidade para reparar as filtracións de auga nos anexos da Facultade de CC. Económicas e Empresariais e o nome do responsable da Unidade Técnica na recepción do edificio.

Pregunta tamén por qué non aumentou a partida da delegación de alumnos dende o ano 1999 e si as cantidades correspondentes o concepto 622 son investimentos realizados pola Universidade de Vigo ou a través da CUSA.

O Sr. Cebro lembra que hai un acordo asinado entre os Sindicatos e a Administración Xeral do Estado no que figura o compromiso de incrementar o poder adquisitivo dos funcionarios nun 1,5% por encima da subida do IPC e que esta cantidade adicional aplicarase nas pagas extras, que experimentaran unha subida do 20% no ano próximo, e pregunta si esta subida está contemplada no orzamento do 2003. Así mesmo recorda a necesidade de actualizar a RPT e ofrece o Vicerrector a disposición da Xunta de Persoal de Administración e Servicios para falar deste tema. Remata a intervención solicitando se saquen prazas de letrados nesta Universidade para diminuír os costes das causas xurídicas.

O profesor Cid Sabucedo pregunta polo destino da partida do capítulo VI de 1.084.000 euros asignada o edificio Xurídico-Social de Ourense, e como se pode explicar que en pouco máis de 2 anos sexa necesario facer este investimento. Pregunta tamén como se pode dálo caso de que a Facultade de Ciencias da Educación no ano 2002 tivese asignado un presuposto e que cando se vai a executar, os cartos non existan.

A Sra Corbacho pregunta sobre as partidas da Delegación de Alumnos na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, si hai unha soa ou ben unha para a Delegación de Alumnos de Dereito e outra para os alumnos de Relacións Laborais.

Intervén o Vicerrector de Planificación para contestar a algunhas das cuestións plantexadas. Insiste que hai unha comparación numérica reiterada co orzamento do ano 1999 que é inxusta xa que coa incorporación dun remanente de dous mil oitocentos millóns de pesetas é fácil elaborar un presuposto. Cre que o traslado de Servicios Centrais o Campus é unha operación necesaria e ben programada no tempo, ademais sinala que con isto estase a cumprir a Disposición Adicional 4ª dos Estatutos.

Respecto os planos de seguridade nos laboratorios vai a ver como se pode abordar esta cuestión xa que lle parece importante.

En relación co aumento das pagas extra indica que todavía esta mesma mañá o Servicio de Persoal enviou un listado completo das persoas que se ven afectadas por ese acordo e cre que o financiador debe establecer os mecanismos para que as institucións cumpran os acordos.

Nun segundo turno intervén de novo o profesor Tojo para dicir que Nova Universidade defende o traslado do Rectorado e Servicios ó Campus pero que esto non implica que defenda a venda do Rectorado, e considera que o correspondente a venda do Anexo deberíase incluír no orzamento do ano 2004.

O Sr. Cebro insiste en que se teña en conta o aumento das pagas extras no presuposto e pide o Vicerrector que adecúe a RPT o coste real.

Rematado o debate realízase unha votación:

A favor do proxecto de orzamento do 2003	80 votos
En contra do proxecto de orzamento do 2003	35 votos
En branco	8 votos
Nulos	1 voto

Queda referendado o proxecto de orzamento para o ano 2003 (Anexo II) para a súa remisión ó Consello Social.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:15 horas do día 18 de decembro de 2002, da que eu como Secretaria Xeral dou fe co Vº e Pr. Do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Mª Teresa Iglesias Randulfe